



Programa de Avaliación Interna (PAI)

Documentos do instituto

- Proxecto educativo (PEC).
- Proxectos Curriculares (PC).
- Programacións Didácticas (PD).
- Programación Anual (PA).
- Regulamento de Réxime Interior (RRI).
- Memoria Anual (MA).
- Proxecto Económico (PE).
- Programa de Avaliación Interna (PAI).
- Plan de Acción Titorial (PAT).
- Plan de Autoprotección (PAE).
- Libro de Actas de Claustro (LAC).
- Libro de Actas de Consello Escolar (LACE).

Incluída como unha das novidades da Lei Orgánica Xeral do Sistema educativo, a avaliación de centros procura a mellora do sistema educativo a través da avaliación tanto interna como externa do proceso de ensino-aprendizaxe, os métodos, as programacións, as instalacións, etc.

O IES Leixa ven de deseñar un Programa de Avaliación Interna co que se poida avaliar:

- As instalacións.
- A organización.
- Os documentos.
- Os procesos didácticos.

Para iso deséñanse, dun xeito protocolizado, uns marcadores e unhas enquisas dirixidas a toda a comunidade educativa.

IES Leixa

Saír



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria "LEIXA"

Dirección

Garantía social - Bacharelatos - Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

UNIÓN EUROPEA



Fondo Social Europeo
2000-2006

XUNTA DE GALICIA

San Pedro de Leixa s/n
15405 - Ferrol (A Coruña)

Tfnos: 981 328 900 e 981 328 951
Fax: 981 328 900

<http://centros.edu.xunta.es/iesleixa>
ies.leixa@edu.xunta.es

Este Programa de Avaliación Interna foi desenvolvido, na súa primeira fase, durante o curso 2001-2002.



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| I. Antecedentes | 5 |
| II. A necesidade de avaliación | 7 |
| II.1 A actitude fronte a avaliación | 7 |
| II.2 Condicións da avaliación interna..... | 8 |
| II.3 As dificultades da avaliación | 9 |
| II.4 Os perigos da avaliación..... | 10 |
| III. Os modelos de avaliación interna..... | 11 |
| III.1 Finalidades | 11 |
| III.2 Obxecto. | 11 |
| III.3 Metodoloxía | 13 |
| III.4 Protagonistas..... | 13 |
| III.5 Responsables | 14 |
| IV. Instrumentos..... | 15 |
| IV.1 Dirixida ó alumnado..... | 15 |
| IV.2 Dirixida ó equipo directivo | |
| IV.3 Dirixida ó profesorado..... | |
| IV.4 Dirixida ós pais/nais | |
| IV.5 Dirixida ó persoal non docente..... | |
| IV.6 Dirixida ós alumnos/as de CAP..... | |
| V. Análise dos resultados | |
| VI. Metaavaliación | |



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria "LEIXA"

Dirección

Garantía social - Bacharelatos - Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

San Pedro de Leixa s/n
15405 - Ferrol (A Coruña)

Tfnos: 981 328 900 e 981 328 951
Fax: 981 328 900

<http://centros.edu.xunta.es/iesleixa>
ies.leixa@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA



Fondo Social Europeo
2000-2006



I. ANTECEDENTES. -

A estrutura do sistema educativo español permite clasificalo como un sistema descentralizado con centros educativos dependentes.

- Descentralizado porque se ben o Estado mantén as responsabilidades de coordinación e aplicación da política xeral en materia de educación mediante a promulgación e aplicación das directrices básicas e é quen regula e expide os títulos académicos, a nosa estrutura política de Comunidades Autónomas lles confire a estas responsabilidades na xestión do sistema educativo no seu territorio, incluíndo a administración dos centros de ensinanza, os corpos docentes, os servicios de inspección técnica e a construción e mantemento dos centros escolares.
- Dependente porque considerando o ámbito de cada comunidade, os centros de ensinanza dependen administrativamente dos correspondentes gobernos autónomos, que dictan as normas de funcionamento e o réxime económico, polo que os centros teñen moi limitada a súa autonomía, anque cada un deles mantén a súa propia estrutura funcional establecendo mecanismos e procedementos de funcionamento propios, dentro do marco legal, tendo competencias absolutas no desenvolvemento dos documentos de centro: Proxecto Educativo (PEC), Regulamento de Réxime Interior (RRI) e Proxectos Curriculares (PC).

O réxime organizativo dos centros de ensinanza está regulado na actualidade pola Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) e a Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Educativos (LOPAG). Ademais, cada Comunidade Autónoma ten promulgada-las súas normas destacando en Galicia o Regulamento Orgánico dos centros de Educación Secundaria.

A LOXSE no seu artigo 55 establece:

“Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ó conxunto de factores que favorecen a calidade e mellora das ensinanzas, es especial a:

- a) A cualificación e formación do profesorado.*
- b) A programación docente.*
- c) Os recursos educativos e a función directiva.*
- d) A innovación e a investigación educativa.*
- e) A orientación educativa e profesional.*
- f) A inspección educativa.*
- g) A avaliación do sistema educativo.”*

Tamén no punto 1 do artigo 62 sinala:

“A avaliación do sistema educativo orientarase á permanente adecuación do mesmo ás demandas sociais e ás necesidades educativas e aplicarase sobre os alumnos, o profesorado, os centros, os procesos educativos e sobre a propia Administración”.

Adecúase así o contido no punto 5 do artigo 7 que di:

“A actividade educativa desenvolverase atendendo ós seguintes principios...”

- i) A avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema”.*



No artigo 57 cítase:

“As Administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros e favorecerán e estimularán o traballo en equipo dos profesores”.

Vemos como a Administración marca unhas liñas de avaliación do sistema educativo, avaliación que se pode facer dende dous puntos de vista:

- Unha **avaliación externa**, que afecta a tódolos centros, é realizada pola Administración e caracterízase polos seus aspectos formal e sistemático na análise dos contidos e práctica da ensinanza, nos alumnos, os docentes, a organización e a xestión. O examinador mantén a súa independencia de criterios, unha gran amplitude de puntos de referencia e unha maior dispoñibilidade de tempo para o proceso, e apóiase na realización de probas sistemáticas.

Este tipo de avaliación, que considera iguais a tódolos centros que imparte un mesmo nivel educativo, ten un escaso peso formativo porque non informa dos procesos que funcionan mal nin formula propostas concretas de mellora. Obtén información dos resultados educativos pero non valora nin a organización nin o funcionamento.

- Unha **avaliación interna**, que se interesa polo funcionamento do centro en condicións de normalidade, ten un marcado carácter contextualizado e está orientada á toma de decisións para adoptar medidas de mellora encamiñadas á optimización da institución escolar.

A avaliación interna permite chegar ó coñecemento de aspectos que non son fáciles de detectar mediante procedementos externos.

Os preceptos legais vistos anteriormente determinan que a Administración educativa poña en marcha mecanismos de avaliación do sistema educativo e así, no ano 1991 o Ministerio de Educación e Ciencia estableceu un programa piloto de avaliación dos centros docentes que denominou *Plan de Evaluación de Centros Docentes (Plan EVA)* que rematou de implantar na súa área de competencia no curso 1994-1995.

A Comunidade Autónoma de Galicia presentou no ano 1996 o seu *Plan Galego de Avaliación de Centros Educativos (Plan ACE)* no que se marcan os seguintes obxectivos básicos:

- Mellora-la organización e funcionamento dos centros nos que se leva a cabo.
- Asesorar, estimular e apoia-los procesos de avaliación interna dos centros.
- Elaborar un informe xeral sobre a organización e o funcionamento do conxunto dos centros avaliados que axude á Administración educativa á toma de decisións de tipo xeral.
- Difundir unha cultura avaliadora entre tódolos axentes educativos.
- Aportar ós centros técnicas e instrumentos que faciliten a articulación da súa avaliación.
- Ensañar métodos, técnicas e procedementos de análises consecuentes á recollida de datos sobre avaliación de centros.

Como se ve, aunque este é un modelo de avaliación externa (os centros son avaliados dende fóra), inclúe entre os seus obxectivos *asesorar, estimular e apoia-los procesos de avaliación interna*, aunque non indica en que debe consistir nin como se debe realizar.



II. A NECESIDADE DA AVALIACIÓN.-

Como se veu anteriormente, no sistema educativo español cada centro educativo establece os seus propios sistemas de funcionamento e organización interna e determina o desenvolvemento dos documentos propios que, anque dependentes da normativa legal, manteñen unha certa autonomía. Sen embargo non existen instrumentos para determinar se estes sistemas organizativos e de funcionamento interno son os adecuados, se cumpren os seus obxectivos e se adaptan ás necesidades formativas dos seus profesores/as e alumnos/as. Se ben é certo que cada centro marca uns obxectivos a través da súa Programación Anual e debe render contas a través da Memoria Anual, a realidade é que ó non existir un sistema de avaliación interna, funcional, é fácil que o propio funcionamento caia na rutina ou dea por bos mecanismos que poden estar viciados, sexan inadecuados ou ineficaces, impedindo, de forma oculta, o desenvolvemento dos seus obxectivos.

Neste sentido, é indispensable que cada centro avalíe internamente os seus sistemas organizativo e de funcionamento a fin de favorece-la construción dunha cultura de calidade entre tódolos sectores, permita detecta-los puntos fortes e débiles do seu funcionamento, permita desenvolver procesos de mellora e contribúa a axusta-las demandas e apoios a súas necesidades reais.

Un dos aspectos importantes na avaliación interna é a participación dos diferentes sectores educativos. Se ben a avaliación externa determina *per se* esta participación, no caso da avaliación interna trátase dun aspecto de voluntariedade, de aí que os procesos de avaliación interna poidan atopar dificultades para realizarse se non se establece previamente, por toda a comunidade educativa, a necesidade desta avaliación e se está disposto a participar activamente nela. Se non se acada este obxectivo inicial calquera sistema de avaliación interna está condenado ó fracaso.

Segundo Santos Guerra, *“a avaliación interna é unha esixencia da propia actividade. Resulta lamentable que os centros escolares vivan independentemente do seu éxito. É máis, sen definir exactamente en qué consiste o éxito, resulta canda menos inxenuo facer descansa-la valoración da calidade dun centro nas cualificacións obtidas polos escolares. Se así fose, bastaría con que estas fosen todas excelentes.”*

II.1 A ACTITUDE FRONTE A AVALIACIÓN: A avaliación debe se-lo resultado dunha actitude positiva dos implicados cara á reflexión, a análise das actuacións e a flexibilidade cara ós cambios que esixa a mellora da realidade. Se na vida diaria estamos continuamente a realizar actos de avaliación (de prezos, de calidades, de xuízos...), tamén na nosa actuación profesional e formativa debemos ter unha actitude avaliadora que nos permita mante-la calidade das nosas actuacións; deben obviarse actitudes negativas fronte o proceso de autoavaliación remarcando os puntos positivos:

| O que non é | O que é |
|------------------------------|----------------------|
| Non é unha ameaza. | É un diálogo. |
| Non é unha fiscalización. | É un encontro. |
| Non é un xuízo. | É unha comprobación. |
| Non é unha intromisión. | É un diagnóstico. |
| Non é unha descualificación. | É un intercambio. |
| Non é unha imposición. | É unha axuda. |



Neste sentido hai que incidir en que xa existe unha avaliación informal que todos nós facemos respecto ó instituto: profesores/as, alumnos/as, pais e nais e resto dos traballadores estamos continuamente emitindo opinións sobre o instituto, sobre o que nos parece ben e o que nos parece mal, e todas estas opinións pérdense porque non constitúen unha reflexión comunitaria e, polo tanto, non se obtén nada positivo delas.

Así, a autoavaliación institucionalizada resulta importante porque:

- Permite reflexionar sobre o que se fai.
- Facilita a coordinación vertical e horizontal.
- Axuda a comprender o que sucede.
- Impulsa o diálogo e a participación.
- Permite tomar decisións racionais.
- Impide solapamentos.
- Axuda a incidir sobre o que considera substancial.
- Permite corrixir erros.
- Axuda a intensifica-lo esforzo no esencial.
- Permite aprender cousas novas.
- Fai gañar en coherencia ó equipo docente.
- Convértese nun exemplo para os alumnos/as.
- Axuda ó perfeccionamento do profesorado.

II.2 CONDICIÓN DA AVALIACIÓN INTERNA: Para que a avaliación interna teña valor implícito debe ter como obxectivo fundamental a comprensión e mellora da práctica educativa e a súa realización ten que cumprir unha serie de requisitos:

- Debe ser sistemática.
- Debe ser rigorosa.
- Debe ser canalizada.
- Debe ser coñecida.
- Debe ser colectiva.
- Debe ser compartida.
- Debe ser escrita.
- Debe ser libre.

Para iso a sistemática debe seguir unha secuencia que favoreza a calidade do proceso:

- 1.- Recolle-los datos de forma precisa e prolongada.
- 2.- Utilizar métodos adecuados.
- 3.- Somete-los datos á interpretación e á análise.
- 4.- Discuti-los datos de forma aberta e colexiada.



- 5.- Poñer por escrito a reflexión.
- 6.- Tomar decisións racionais para mellora-la acción.
- 7.- Publica-los resultados para sometelos a debate público.

Tamén hai que ter en conta que o proceso avaliador non debe aspirar a acadalo máximo nivel, polo que se debería ter en conta que:

- Quen marca o ritmo e impón as condicións é a realidade do instituto, de aí que a avaliación está sometida a continuos cambios nos seus procedementos.
- Os protocolos deben ser claros e non impostos. Para que a avaliación sexa limpa debe ser coñecida por todos/as.
- Cando se cometan erros hai que abordalos, explicitalos e corrixilos.
- Non se debe busca-la perfección senón marcar metas alcanzables establecendo procedementos asequibles, de incorporación paulatina.
- Hai que facela tendo sempre presente que o instituto segue funcionando. Non debe ser un obstáculo nin realizarse cando a actividade normal rematou. É simultánea e integrada na vida normal do instituto.
- É imprescindible a transparencia para que ninguén se sinta manipulado ou ameazado.

II.3 AS DIFICULTADES DA AVALIACIÓN: Como todo proceso sistemático que afecta á colectividade, a autoavaliación atopa atrancos tanto no seu deseño como na súa execución, derivados fundamentalmente dos seguintes factores:

- O individualismo na acción profesional.
- O tempo dispoñible.
- A rutinización institucional.
- A motivación.
- A masificación.

Tamén durante o proceso avaliador poden aparecer actitudes que dificulten o proceso avaliador, en ocasións polo propio proceso:

- É inevitable o risco de que algúns pretendan utiliza-la avaliación no seu propio beneficio, manipulando a información, malinterpretando os resultados, buscando a confirmación das súas propias actitudes, posturas ou prácticas:
 - o Utilizando a avaliación para potenciar enfrontamentos.
 - o Utilizando a avaliación para ancorarse en posicións previas.
 - o Convertendo a avaliación nun axuste de contas.
 - o Tomando en conta só os resultados que están de acordo cos propios intereses.
 - o Dando por boa a avaliación aínda que non sexa rigorosa, cando as conclusións son favorables.
 - o Aproveitando os resultados para facer descualificacións.
 - o Aproveitando a avaliación para facer comparacións falsas ou ferintes.



- É probable que ó longo da avaliación aparezan nos máis implicados sentimentos de frustración, desalento, expticismo ou dúbida.
- Algúns implicados poden caer no utopismo, nunhas desmesuradas expectativas sobre o que se pode alcanzar a través da avaliación.
- A indispensable participación dos alumnos/as a través de opinións e decisións pode esperar nalgúns profesores/as roxelo e desaprobación.
- Pode haber intentos de para-lo proceso polos que se sintan ameazados, descualificando a avaliación ou a quen a xestiona.

II.4 PERIGOS DA AVALIACIÓN: Tamén se pode facer un mal uso do proceso avaliador:

- Convertendo a avaliación nun eloxio para quen a promove ou a realiza.
- Elixindo sesgadamente algunhas parcelas ou experiencias que favorezan unha determinada visión.
- Convertendo a avaliación nun instrumento de dominación ou poder.
- Poñendo a avaliación ó servicio do poder, tanto no propio centro como na aula.
- Encargando a avaliación a persoas sen independencia.
- Divulgando os resultados no seu carácter reservado, violando a confidencialidade ou o anonimato.
- Utilizando os resultados para tomar decisións inxustas.



III. OS MODELOS DE AVALIACIÓN INTERNA. -

Existen moitos modelos de avaliación interna, algúns xa estandarizados e outros adecuados ás características do centro (non estandarizados), pero todos eles pasan por unha serie de pasos:

- Deseño do proceso:
 - o Finalidade ¿para que?.
 - o Obxecto ¿que?.
 - o Metodoloxía ¿como?.
 - o Protagonistas ¿a quen?.
 - o Responsables ¿quen?.
- Seguimento do proceso:
 - o Construcción da instrumentación.
 - o Recollida da información.
 - o Síntese e valoración da información.
 - o Realización do informe.
 - o Presentación e debate do informe.
- Establecemento de planes de mellora.
- Realización da meta-avaliación.

Neste documento pretendemos deseñar, dun xeito xustificativo, cada un destes puntos:

III.1 FINALIDADES: Os obxectivos xerais da avaliación interna no IES Leixa son:

1. Concienciar á comunidade educativa da necesidade de incorporar na práctica docente mecanismos de autoavaliación.
2. Dinamiza-la práctica docente e a participación de tódolos sectores no proceso educativo.
3. Permitti-la detección de erros e/ou dificultades nos aspectos que de xeito directo ou indirecto incidan na práctica docente e nas finalidades educativas do instituto.
4. Fomenta-la participación e coordinación dos sectores educativos.
5. Establecer planes de mellora no instituto.

III.2 OBXECTO: Tomando como referencia os plans EVA e ACE, introducindo as modificacións oportunas para adaptalos ás características do IES Leixa, considéranse os aspectos avaliábeis que se ven no seguinte cadro. Hai que considerar que os indicadores variarán segundo a quen van dirixidos e serán concretados nos instrumentos correspondentes.



| DIMENSIÓNS | SUBDIMENSIÓNS | INDICADORES |
|----------------------------------|---|--|
| Elementos contextuais e persoais | <ul style="list-style-type: none"> • Instalacións e mobiliario • Equipamentos • Apoios externos • Implicación do profesorado na súa formación • Expectativas académicas e profesionais do alumnado • Motivación do alumnado | <ul style="list-style-type: none"> • Aulas • Servicios • Sala de actividades • Salón de actos • Biblioteca • Cafetería • Aula de informática • Sala de titorías • Departamentos • Rede interna • Centro de Formación • Taboleiros de anuncios • Limpeza |
| Documentos | <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto educativo (PEC) • Proxectos curriculares (PC) • Regulamento de réxime interior (RRI) • Programación anual (PA) • Programacións didácticas (PD) • Plano de Acción Titorial (PAT) • Planos de autoprotección e/ou evacuación (PAE) • Memoria anual (MA) • Programa de Avaliación Interna (PAI) | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do PEC • Participación no desenvolvemento do PEC • Estructura e contidos do PEC • Coñecemento do RRI • Participación no desenvolvemento do RRI • Estructura e contidos do RRI • Coñecemento da PA • Participación no desenvolvemento da PA • Estructura e contidos da PA • Coñecemento dos PC • Participación no desenvolvemento dos PC • Estructura e contidos dos PC • Coñecemento das PD • Participación no desenvolvemento das PD • Estructura e contidos das PD • Coñecemento do PAE • Participación no desenvolvemento do PAE • Estructura e contidos do PAE • Coñecemento da MA • Participación no desenvolvemento da MA • Estructura e contidos da MA • Coñecemento do PAI • Participación no desenvolvemento do PAI • Estructura e contidos do PAI |



| | | |
|--|--|---|
| <p>Organización e funcionamento</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Órganos de goberno • Coordinación docente • Departamentos didácticos • Xunta de delegados/as • Orientación • Información • Servizos complementarios • Actividades • Horarios | <ul style="list-style-type: none"> • Director/a • Xefe/a de estudos • Vicedirector/a • Secretario/a • Secretaría • Conserxería • CCP • Departamentos didácticos • Departamento de orientación • Xunta de delegados/as • Sistemas de información • Biblioteca. • Aula de informática • Horario xeral do instituto • Horarios dos grupos • Xustificación de faltas • Documentación |
| <p>Procesos didácticos</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Relación na aula e na titoría • Aspectos metodolóxicos • Orientación • Avaliación • Prácticas | <ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos • Organización do curso • Coñecementos • Intereses • Técnicas de ensinanza • Habilidades • Sistemas de avaliación • Axudas ó estudio • Orientación • Traballos • Comportamento • Convivencia • Recursos • Formación do profesorado • Empresas • Atención nas prácticas |

III.3 METODOLOXÍA: A fin de avaliar cada un dos aspectos anteriores desenvolveranse instrumentos (fichas) de avaliación. Cada unha destas fichas inclúe:

- Detalle dos indicadores que se van avaliar.
- Preguntas que analizan cada un dos indicadores.
- Temporalización da realización das enquisas, sobre todo cando os aspectos a avaliar recomenden facela en distintos momentos.

III.4 PROTAGONISTAS: As fichas deseñadas van dirixidas ós seis sectores seguintes:

- Equipo directivo.
- Profesorado.



- Alumnado.
- Persoal non docente:
 - o Administrativo.
 - o Subalterno.
 - o Limpeza.
- Pais/nais de alumnos/as.
- Alumnos/as do CAP.

III.5 RESPONSABLES: A fin de institucionaliza-la práctica do proceso de avaliación, determina-la necesidade de medios e realiza-la análise dos resultados dun xeito autónomo, constituirase unha Comisión de Avaliación integrada polos seguintes profesores/as:

- Un coordinador/a, preferiblemente o vicedirector/a do instituto, que tramitará as reunións e velará porque a comisión dispoña dos medios materiais e instrumentais necesarios.
- Un vocal, preferiblemente profesor/a de matemáticas, responsable da avaliación de resultados.
- Un vocal responsable da coordinación cos sectores educativos: profesores/as, alumnos/as, pais e persoal non docente. Neste sentido cabe dicir que se poden incorporar ás sesións que teña esta comisión tanto o presidente/a da xunta de delegados/as como o presidente/a da ANPA, polo que deben ser informados de cando se realizan estas sesións.
- Un vocal responsable dos medios e recursos necesarios para a realización da avaliación. A tal fin esta comisión disporá de recursos económicos suficientes para as súas actividades.
- Un vocal responsable da elaboración da memoria final que incluírá os resultados, propostas de actuación e planes de mellora e a publicación dos resultados. A memoria incorporárase á Memoria Anual do instituto.

A comisión actuará conxuntamente e poderá solicitar cantas colaboracións considere oportunas, sendo das súas competencias:

- A posta en marcha do Programa de Avaliación Interna e o seu seguimento.
- As relacións con tódolos sectores da comunidade educativa.
- A elaboración de propostas de modificación do Programa.
- A avaliación e publicación dos resultados.
- A proposta de planes de mellora no instituto.
- A xestión dos medios e recursos postos a súa disposición.
- A metaavaliación.

Esta comisión, que ten carácter permanente, constituirase ó principio do curso 2002-2003 a proposta do claustro de profesores/as, que terá potestade para a súa revogación ou renovación, debendo atender, neste sentido, as propostas que lle faga o Consello Escolar.



Para o desenvolvemento das súas funcións a dirección do instituto procurará que, sempre que sexa posible, tódolos seus membros dispoñan alomenos dunha sesión coincidente nos seus horarios, que terá carácter de sesión complementaria.

IV. INSTRUMENTOS.- As fichas avaliadoras identifícanse cun sistema numérico e varios niveis:

- Primeiro nivel: Un dígito para os protagonistas:
 - o 1 para alumnado.
 - o 2 para profesorado.
 - o 3 para persoal non docente.
 - o 4 para membros da dirección.
 - o 5 para pais/nais de alumnos/as.
- Segundo nivel: Un dígito para cada unha das dimensións:
 - o 1 para Elementos contextuais e persoais.
 - o 2 para Documentos.
 - o 3 para Organización e funcionamento.
 - o 4 para Procesos didácticos.
- Terceiro nivel: Un dígito para cada un dos indicadores seleccionados.
- Cuarto nivel: Un dígito para variables de cada indicador, se as hai.

IV.1 Dirixida ó alumnado: Utilízanse os seguintes indicadores básicos:

| DIMENSIÓNS | INDICADORES |
|--------------------------------------|---|
| 1.1 Elementos contextuais e persoais | 1.1.1. Aulas: 1.1.1.1. Aspectos deficitarios. 1.1.2. Servicios: 1.1.2.1. Aspectos deficitarios. 1.1.3. Sala de actividades: 1.1.3.1. Aspectos deficitarios. 1.1.4. Biblioteca: 1.1.4.1. Aspectos deficitarios. 1.1.5. Cafetería: 1.1.5.1. Aspectos deficitarios. 1.1.6. Aula de Informática: 1.1.6.1. Aspectos deficitarios. |



| | |
|---|---|
| 1.2 Documentos | <ul style="list-style-type: none">1.2.1. Proxecto educativo (PEC):<ul style="list-style-type: none">1.2.1.1. Valoración.1.2.2. Regulamento de réxime interior (RRI):<ul style="list-style-type: none">1.2.2.1. Valoración.1.2.3. Programación anual (PA):<ul style="list-style-type: none">1.2.3.1. Valoración.1.2.4. Planos de autoprotección e/ou evacuación (PAE):<ul style="list-style-type: none">1.2.4.1. Valoración.1.2.5. Plano de Acción Titorial (PAT):<ul style="list-style-type: none">1.2.5.1. Valoración.1.2.6. Programacións didácticas (PD).1.2.7. Programa de Avaliación Interna (PAI). |
| 1.3 Organización e funcionamento | <ul style="list-style-type: none">1.3.1. Horario xeral.1.3.2. Horario do grupo.1.3.3. Actividades extraescolares.<ul style="list-style-type: none">1.3.3.1. Participación nas actividades extraescolares.1.3.3.2. Valoración das actividades extraescolares.1.3.4. Orientación:<ul style="list-style-type: none">1.3.4.1. Valoración.1.3.5. Secretaría:<ul style="list-style-type: none">1.3.5.1. Valoración.1.3.6. Conserxería:<ul style="list-style-type: none">1.3.6.1. Valoración.1.3.7. Delegados/as:<ul style="list-style-type: none">1.3.7.1. Valoración das funcións dos delegados/as.1.3.8. Tutoría:<ul style="list-style-type: none">1.3.8.1. Valoración da tutoría.1.3.9. Xustificación de faltas.1.3.10. Director/a:<ul style="list-style-type: none">1.3.10.1. Valoración do director/a.1.3.11. Xefe/a de estudos:<ul style="list-style-type: none">1.3.11.1. Valoración do xefe/a de estudos.1.3.12. Vicedirector/a:<ul style="list-style-type: none">1.3.12.1. Valoración do vicedirector/a.1.3.13. Equipo directivo. |
| 1.4 Procesos didácticos | <ul style="list-style-type: none">1.4.1. Obxectivos do curso.1.4.2. Organización do curso.1.4.3. Coñecemento das materias.1.4.4. Rango de intereses e cultura.1.4.5. Variedade nas técnicas de ensinanza.1.4.6. Habilidade para espertar interese.1.4.7. Destreza para guía-lo proceso de ensinanza.1.4.8. Xustiza para cualificar.1.4.9. Vontade para axudar.1.4.10. Atención ós traballos dos estudantes.1.4.11. Recoñecemento das limitacións.1.4.12. Pronunciación e xeito de expresarse.1.4.13. Comportamento na aula.1.4.14. Uso dos recursos.1.4.15. Cualificación global.1.4.16. Opinións. |



1. Enquisa de alumnado.

Ficha 1: Elementos contextuais e persoais

| | |
|------------------------------|---|
| Indica o curso no que estás: | |
| Indica a túa idade: | |
| Indica o teu sexo: | <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home |

1.1.1 Cualifica de 1 a 10, redondeando a puntuación, as aulas nas que recibes clase:

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|----------------------|---|---|---|--|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| As aulas son malas, incómodas e están mal dotadas | | | As aulas son normais | | | | As aulas son cómodas e están ben dotadas | | |

1.1.1.1 Marca cun "X" os aspectos das aulas que consideras deficientes:

| | |
|--------------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> Mesas | <input type="checkbox"/> Taboleiro informativo |
| <input type="checkbox"/> Cadeiras | <input type="checkbox"/> Iluminación |
| <input type="checkbox"/> Encerado | <input type="checkbox"/> Sinalización externa |
| <input type="checkbox"/> Paraugueiro | <input type="checkbox"/> Limpeza |
| <input type="checkbox"/> Papeleira | <input type="checkbox"/> Outros (indícaos): |

1.1.2 Cualifica de 1 a 10 os servicios de alumnos/as:

| | | | | | | | | | |
|--|---|---|--------------------------|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| Os servicios son malos. Non me gusta utilzalos | | | Os servicios son normais | | | | Os servicios están limpos e están ben dotados | | |

1.1.2.1 Marca cun "X" os aspectos dos servicios de alumnos/as que consideras deficientes:

| | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Inodoros | <input type="checkbox"/> Iluminación |
| <input type="checkbox"/> Lavabos | <input type="checkbox"/> Sinalización externa |
| <input type="checkbox"/> Papel hixiénico | <input type="checkbox"/> Limpeza |
